

# Concurso de Podcasts

## Algo que contar? Algo que cantar?

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega organiza este concurso coa finalidade de fomentar o uso oral do galego en todos os contextos, neste caso utilizando novos medios de comunicación que poden ser canles de **divulgación** de contidos relativos a calquera tipo de coñecemento.

Son formatos novos que poden potenciar novas formas e procesos expresivos.

### Bases do concurso

1. Os podcasts terán que ser gravacións orixinais que poderán versar sobre calquera tema.
2. Todo o podcast estará en galego.
3. Valorarase a calidade lingüística e o seu carácter construtivo (linguaxe non discriminatoria, linguaxe non sexista), a comunicación e espontaneidade.
4. Os/as participantes concursarán individualmente e ou en grupo. Poderán participar cun máximo de tres podcast.
5. O resultado será unha peza radiofónica gravada nun arquivo .mp3 dunha extensión máxima de 10 minutos. A superación dese tempo pode supor a descalificación.
6. O concurso vai destinado a dúas categorías:
  - Categoría xeral
  - Centros de ensino
7. Os podcasts participantes será publicados na nosa páxina web: <https://www.as-pg.gal/Podcast/> dentro da canle Podcasts 2021.
8. Haberá un primeiro premio de 300 euros para o mellor podcast de cada categoría. Un segundo premio de 200 euros en cada categoría.

#### 9. Inscripción:

As/os participantes deberán enviar a seguinte documentación

- Ficha de inscrición con todos os datos requiridos.

<http://bitaculas.as-pg.gal/wp-content/uploads/2021/10/FICHA-PARTICIPANTES-Centros-de-Ensino.pdf>

<http://bitaculas.as-pg.gal/wp-content/uploads/2021/10/FICHA-PARTICIPANTES-CATEGORIA-XERAL.pdf>

- Na categoría de centros de ensino, fotocopia do director/directora e permiso das familias das persoas participantes.

As pezas gravadas deberán ser enviadas ao correo [informacion@as-pg.gal](mailto:informacion@as-pg.gal). O prazo remata o 15 de decembro.

#### 10. Xurado

A AS-PG como entidade organizadora, nomeará un xurado que estará composto por persoas de recoñecida profesionalidade do mundo da comunicación e da creación.

O xurado designará un máximo de tres obras finalistas en cada categoría. Entre esas finalistas estarán as gañadoras.

A composición do xurado farase pública na web da AS-PG. O ditame do xurado será inapelable.

#### 11. Entrega de premios

As pezas gañadoras daranse a coñecer despois da deliberación, na web da AS-PG arredor do 20 de decembro. Non haberá acto de entrega de premios presencial pola situación sanitaria na que vivimos.

#### 12. Responsabilidade

A persoa representante da obra será a única responsable legal do podcast.

As obras admitidas poden ser emitidas naqueles actos sen ánimo de lucro organizados para a promoción do concurso.

A participación neste concurso supón a aceptación plena destas bases.

A Coruña, outubro de 2021.

ORGANIZA:



COLABORA:



Deputación  
DA CORUÑA